



BANDO

Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa do Concello de Vimianzo,

FAI SABER:

Á VECIÑANZA, a seguinte información respecto da prórroga do estado de alarma por causa do COVID 19.

Por mor da declaración da pandemia internacional do COVID 19 mediante resolución da OMS de 11 de marzo e a posterior declaración nacional do estado de alarma por Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, foi precisa a implementación de diversas medidas que afectan a diferentes sectores sociais e administrativos a través de sucesivos reales decretos leis demais normativa de inferior rango normativo.

No BOE de data 11 de abril de 2020 publícase a Resolución do Congreso dos Deputados de 9 de abril de 2020 pola que se autoriza a prórroga do estado de alarma decretado o 14 de marzo de 2020 ata o día 26 de abril ás 00:00 horas nos mesmos termos que os contidos no Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo como se confirma no Real Decreto 487/2020 de 10 de abril publicado nesa mesma data.

O 13 de abril de 2020 publícanse no BOE as convalidacións dos Reales Decretos Leis 9, 10 e 11 do presente ano en relación coa implementación de medidas para a loita contra a propagación do COVID 19 entre as que figuraba o permiso retribuído recuperable para aquelas actividades non declaradas esenciais exceptuando determinados supostos de carácter sanitario e de subministro de produtos básicos así como aquelas funcións que se puideran prestar non presencialmente (teletraballo).

Dito permiso e a diferenciación entre as actividades esenciais e non esenciais aplícase dende o 30 de marzo ata o 9 de abril de 2020, por tanto, a día de hoxe non ten efectos xurídicos e deben continuar totas as actividades non suspendidas polo Real Decreto 463/2020 de 14 marzo sempre garantindo a seguridade e hixiene no traballo fronte o COVID 19 sen perxuízo daquelas funcións que se poidan desenvolver mediante teletraballo.

E a efectos de dar publicidade ás resolucións e reales decretos ditados aos efectos de prorrogar o Estado de Alarma e ao amparo da atribución contemplada no artigo 21.1.e) da Lei 7/85 de 2 de abril emito o presente Bando:

-Por mor do Real Decreto 487/2020 de 10 de abril (BOE 11/04/2020) e a autorización do Congreso dos Deputados de 9 de abril de 2020 (BOE 11/04/2020), prorrógase o Estado de Alarma ata o día 26 de abril de 2020 ás 00:00 horas nos mesmo termos que os contemplados no Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo.

O que asino en Vimianzo, 13 de abril de 2020

A alcaldesa,

Mónica Rodríguez Ordóñez

(documento asinado electrónicamente)